

RESUMO DE CONTIDOS

Un mundo cheo pero desigualmente repartido

Xeografía e Historia |
2º ESO

Índice

1. A poboación.....	2
1.1. A demografía, as fontes e o réximenes demográficos.....	2
1.2. Os movementos da poboación: natural e espacial.....	2
1.3. Estrutura da poboación.....	2
1.4. Distribución espacial da poboación.....	3
1.5. Os movementos migratorios na actualidade.....	4
1.6. Avellentamento da poboación e políticas demográficas.....	4
1.7. O caso español e galego.....	5
2. As cidades.....	5
2.1. A definición do urbano e as novas formas urbanas.....	5
2.2. Urbanización a ritmo acelerado... pero non igual en todas partes.....	5
2.3. Cidades en expansión.....	6
2.4. O sistema urbano. España e Galicia.....	6
2.5. A forma das cidades: plano e trama urbanos.....	7
2.6. Os sectores da cidade.....	7
2.7. Procesos de cambio nas cidades: degradación vs. rehabilitación.....	8
2.8. Os retos da cidade: cidades sustentables.....	8
3. Desigualdades e cooperación.....	9
3.1. Pero... que tan desiguais somos?.....	9
3. 2. Como medimos a desigualdade?.....	10
3. 3. Alguén pode facer algo?.....	11
ESQUEMAS RESUMO.....	13

1. A poboación

1.1. A demografía, as fontes e o réximen demográfico

A poboación refírese ao conxunto de persoas que habitan nun determinado territorio, e a súa evolución é obxecto de estudo da demografía. Para realizar análises demográficas, utilízanse fontes de datos como o censo, o padrón e o rexistro civil. O censo, elaborado cada dez anos en España polo INE, proporciona información detallada sobre características sociais e demográficas. O padrón reflicte as altas, baixas e modificacións de veciños en cada concello, mentres que o rexistro civil recolle os nacementos, defuncións e outros datos relacionados co estado civil.

O crecemento da poboación mundial foi moi lento ata o século XIX, pero experimentou unha aceleración notable a partir do século XX, cun aumento masivo tras a II Guerra Mundial. Esta "explosión demográfica" continúa, especialmente nos países en desenvolvemento, mentres que os máis desenvolvidos presentan taxas de crecemento máis baixas. A evolución demográfica pode explicarse a través do modelo de transición demográfica, que se divide en varias fases: o réxime demográfico antigo (caracterizado por altas taxas de natalidade e mortalidade), o de transición (cunha redución das taxas de mortalidade e natalidade), o moderno (cun crecemento natural moi baixo) e a fase de crecemento 0, que se observa en países con baixa natalidade e alta esperanza de vida.

1.2. Os movementos da poboación: natural e espacial

Os movementos da poboación divídense en dous tipos: natural e espacial. O movemento natural está determinado polos nacementos e as defuncións. A natalidade mide o número de nacementos ao longo dun ano, mentres que a fecundidade reflicte o número de fillos por muller. A mortalidade indica o número de falecidos, e a taxa de mortalidade infantil mostra a cantidade de nenos falecidos antes de cumprir un ano. O crecemento vexetativo ou natural é a diferenza entre nacementos e defuncións. No movemento espacial, as migracións son os desprazamentos de poboación dun territorio a outro, podendo ser emigración (saída dun lugar) ou inmigración (entrada nun territorio). O saldo migratorio é a diferenza entre o número de inmigrantes e emigrantes.

O crecemento real dunha poboación obtense considerando tanto o crecemento natural como o saldo migratorio. Se o saldo migratorio é positivo, a poboación crece, e se é negativo, diminúe.

1.3. Estrutura da poboación

Unha poboación pódese estudar en función dunha serie de criterios que a definen, por exemplo, a idade, o sexo ou a actividade económica.

A estrutura da poboación pode analizarse segundo varios factores. Unha das principais clasificacións é a idade, que divide a poboación en tres grupos: nova (0 a 14 anos), adulta

(15 a 64 anos) e vella (65 anos ou máis). Con base nesta división, pódense distinguir tres tipos de países: novos (con alta natalidade e pouca esperanza de vida), maduros (con unha poboación equilibrada en idade) e vellos (con alta esperanza de vida e baixa natalidade).

A estrutura por sexo analiza a relación entre homes e mulleres. Nos primeiros anos de vida hai lixeiro predominio masculino, pero a medida que a idade avanza, as mulleres superan en número aos homes debido á maior esperanza de vida das mulleres e a maior mortalidade masculina.

Por último, a poboación tamén se pode estudar segundo a súa actividade económica, que distingue entre a poboación activa (que traballa ou busca traballo) e a inactiva (que non está traballando nin buscando emprego). A poboación activa divídese en tres sectores: primario (agricultura, pesca, etc.), secundario (industria e construción) e terciario (servizos). Os países máis desenvolvidos teñen unha maior proporción de poboación activa no sector terciario.

A estrutura de poboación tamén pode representarse a través das pirámides de poboación, que mostran a distribución por idade e sexo. Existen tres tipos de pirámides: expansiva (característica de países pouco desenvolvidos), estancada (propia de países en vías de desenvolvemento) e regresiva (típica de países desenvolvidos, con baixa natalidade e alta esperanza de vida). Estas pirámides permiten entender os cambios demográficos ao longo do tempo.

1.4. Distribución espacial da poboación

A poboación mundial de 8.200 millóns de persoas distribúese de maneira irregular. Mentres que algúns lugares teñen altas concentracións de poboación, outros permanecen practicamente desérticos. A maioría da poboación reside na zona temperada do hemisferio norte. Para comprender a distribución poboacional, non só é necesario coñecer a cantidade total de habitantes, senón tamén a densidade de poboación, que é a relación entre o número de habitantes e a superficie dun territorio.

Diversos factores explican a desigual distribución poboacional:

- Factores físicos: A auga é esencial para a vida humana, así que as maiores concentracións de poboación están preto de ríos, lagos e mares. Ademais, as zonas con climas temperados e relevo suave son as máis poboadas, xa que facilitan a vida económica e social.
- Factores históricos: As áreas con asentamentos antigos teñen unha poboación maior.
- Factores económicos: As zonas con máis actividade económica tamén teñen maior poboación.

As zonas menos poboadas son os desertos, áreas polares, selvas ecuatoriais e rexións montañosas, mentres que os lugares con maior concentración de poboación son aqueles

con un relevo plano, bo clima e desenvolvemento económico (como o sueste asiático ou Europa occidental).

1.5. Os movementos migratorios na actualidade

Os movementos migratorios, aínda que sempre tiveron lugar, hoxe en día alcanzan cifras elevadas. En 2020 había 281 millóns de migrantes internacionais, aproximadamente o 3,6% da poboación mundial. As migracións poden clasificarse segundo a súa **duración** (temporais ou definitivas), **destino** (nacionais ou internacionais), e **carácter** (voluntarias ou forzosas).

As principais causas dos movementos migratorios son:

- Económicas: Buscar mellores condicións laborais ou de vida.
- Políticas: Guerras, persecucións e conflitos.
- Naturais: Desastres naturais que obrigan á xente a desprazarse.
- Sociais: Buscando mellor sanidade, educación ou por influencias sociais.

As migracións teñen efectos positivos e negativos tanto para as áreas de saída como para as de chegada, que afectan aspectos demográficos, económicos, culturais e sociais.

En canto ás mulleres, teñen un papel crucial nos procesos migratorios, con máis do 48% dos migrantes sendo mulleres. As causas principais da migración feminina son a busca de traballo, a reunificación familiar e a fuxida da violencia de xénero. As mulleres desenvolven tarefas relacionadas co coidado, traballo doméstico e hostalaría nos países de destino. A pesar de compartir retos cos homes migrantes, como a explotación laboral ou a integración, as mulleres enfróntanse tamén a discriminación e violencia de xénero, pero tamén logran adquirir maior independencia económica e autonomía persoal.

1.6. Avelentamento da poboación e políticas demográficas

O envellecemento demográfico é un fenómeno global, máis visible en países desenvolvidos onde as taxas de natalidade son baixas e a esperanza de vida aumenta. Para 2050, a porcentaxe de persoas maiores de 60 anos poderá alcanzar o 22% da poboación mundial. O envellecemento pode causar problemas sociais e económicos, como a diminución da forza laboral, o aumento dos gastos en pensións e saúde, e a necesidade de migración para sostelo.

Para facer fronte ao envellecemento, algúns países adoptan políticas natalistas, como axudas por fillo, redución de impostos ou ampliación de baixas por maternidade. Por outra banda, os países con poboación moi nova tamén afrontan problemas como desemprego xuvenil, presión sobre servizos básicos e pobreza. Políticas antinatalistas, como a planificación familiar e a limitación de fillos ou fillas por parella, intentan reducir o número de nacementos en lugares con crecemento demográfico elevado.

1.7. O caso español e galego

Para rematar é necesario que coñezades as características máis relevantes que presentan a poboación española e galega.

ESPAÑA ten unha poboación de 49 millóns de persoas, cunha densidade media de 94 h/km². As áreas máis densamente poboadas son as grandes cidades e a costa mediterránea. Con taxas de natalidade e mortalidade baixas, España experimenta un envellecemento poboacional. O país recibe un número elevado de inmigrantes, especialmente de América Latina, Norte de África e Europa do Leste.

GALICIA ten 2,7 millóns de habitantes e unha densidade de 91 h/km². A súa taxa de natalidade é unha das máis baixas de Europa, e a taxa de mortalidade é elevada, o que contribúe ao envellecemento da poboación. Galicia tamén recibe migrantes, e presenta un saldo migratorio positivo. A súa dinámica demográfica caracterízase por un crecemento débil ou negativo, con un envellecemento progresivo e un incremento da inmigración.

2. As cidades

2.1. A definición do urbano e as novas formas urbanas

Unha cidade é un asentamento con servizos e funcións que atenden o territorio que a rodea, e cunha poboación que non se dedica principalmente nin á agricultura nin á gandaría. É dicir, as cidades son centros administrativos, sanitarios, financeiros, comerciais, ademais de prestaren outros moitos servizos á poboación propia e á doutros núcleos. Por iso dise que as cidades organizan o territorio.

Existen áreas urbanas sen que necesariamente exista unha cidade como tal. En moitos casos este fenómeno está vencellado ao turismo.

O fenómeno urbano é complexo, e por iso foi necesario crear novos termos para referirse aos espazos urbanos modernos, como por exemplo:

- Área periurbana, que é en xeral a área urbana que rodea a cidade central
- Área rurubana, que é unha área que ten aspecto rural pero con poboación que non é rural porque non traballa no campo.
- Urbanización difusa, que designa a todas as modalidades polas que o espazo urbano se espalla polo territorio, mesmo se non hai propiamente unha cidade.

2.2. Urbanización a ritmo acelerado... pero non igual en todas partes

Durante a maior parte da historia da humanidade a maior parte da poboación dedicábase á gandaría e á agricultura. Era necesario, porque o traballo se realizaba a man. Pero coa mecanización isto cambiou, e a emigración masiva ás cidades fíxoas medrar a ritmo

acelerado. Canto máis tardaba un país en mecanizarse e modernizarse, máis tarde empezaba o seu proceso de crecemento urbano. Hoxe segue sendo así: os países menos desenvolvidos teñen menores porcentaxes ou taxas de poboación urbana. En cambio, os países máis desenvolvidos teñen as máis altas.

2.3. Cidades en expansión

Hoxe o concepto de área urbana é moito máis amplo que o de simplemente cidade. Arredor dunha cidade desenvólvese todo un territorio vencellado a ela. Ese territorio e a cidade central forman un todo, un conxunto chamado área metropolitana ou aglomeración.

Ás veces dous núcleos urbanos ou dúas áreas metropolitanas crecen tanto que chegan a tocarse, creando un espazo urbano continuo. Nese caso falamos de conurbación.

E nas áreas moi poboadas e urbanizadas as áreas metropolitanas e as conurbacións vanse sucedendo ata formar unha enorme área urbana chamada megalópole (do grego “mega” -grande- e “polis” -cidade-). Na costa leste de Estados Unidos, en Xapón, no leste da China ou no centro-oeste de Europa atopamos as principais megalópoles do mundo. Algúns prefiren chamarlles rexións urbanas.

Tamén podemos chamar megalópole non a unha rexión urbana senón a unha única gran cidade, como por exemplo México DF. Neste caso úsase tamén o termo megacidade.

2.4. O sistema urbano. España e Galicia

O conxunto de cidades e áreas urbanas dun territorio, xunto coa relación que gardan entre elas, forman a súa rede urbana ou sistema urbano.

Non todas as áreas urbanas son igual de importantes. As máis grandes teñen máis funcións, máis servizos e máis especializados. Tamén son sedes de empresas, de centros de investigación, de institucións culturais... Así que en función do número e especialización destas funcións e servizos urbanos, as cidades ordénanse por importancia, ou sexa, gardan unha xerarquía.

Podemos falar de xerarquía a nivel mundial, continental, estatal ou rexional. En Galicia A Coruña e Vigo son as dúas cidades máis importantes. En España, Madrid e Barcelona. Unha cidade que ocupa un posto destacado no sistema económico mundial é chamada cidade global. A xerarquía urbana vai cambiando co paso do tempo, porque as circunstancias cambian.

Cada cidade ten a súa área de influencia, que será maior canto máis grande sexa a cidade e máis alto o lugar que ocupa na xerarquía urbana.

Nos países e rexións máis desenvolvidos, a rede urbana é ampla, e as áreas urbanas escálanse en tamaño e importancia. En cambio, nos países e rexións menos desenvolvidos é frecuente que a cidade máis importante sexa enorme, con centenaes de miles ou

millóns de habitantes, e logo as seguintes cidades sexan moito máis pequenas. Este gran contraste crea moitos desequilibrios.

2.5. A forma das cidades: plano e trama urbanos

O plano urbano é a representación gráfica da disposición e trazado dos espazos urbanos. Unha clasificación moi sinxela e útil diferencia os planos regulares (as rúas dispóñense de maneira ordenada, xeométrica) e os planos irregulares (as rúas non seguen un patrón xeométrico).

Os planos regulares son típicos de cidades planificadas, como as fundadas polos romanos, ou polos europeos en América. O plano ortogonal ou en cuadrícula, e o plano radioconcéntrico ou radial son exemplos de planos regulares. En cambio, os planos irregulares son propios de cidades que foron medrando sen planificación, como moitas europeas de orixe medieval, ou as cidades árabes.

Unha mesma cidade pode ter sectores con plano regular e outros irregular. Tamén se suceden os espazos con trama aberta (edificios illados ou en ringleira, con amplos espazos entre eles) e pechada (edificios dispostos ao longo das rúas con escasas áreas libres entre eles).

2.6. Os sectores da cidade

Cada período histórico tivo a súa maneira de construír as cidades, en función dos modos de vida, o nivel técnico ou a moda. Por iso as sucesivas etapas históricas na construción das cidades deixaron a súa pegada.

A etapa pre-industrial (en Europa, antes do século XIX)

É a parte da cidade anterior á Revolución Industrial. Forma o chamado casco histórico ou vello, ou cidade antiga. Nela atopamos os edificios máis antigos, con frecuencia os máis representativos da cidade. As rúas adoitan ser estreitas, e o plano polo xeral irregular. Como no pasado as cidades estaban amuralladas, no plano é posible en moitos casos identificar todo ou parte do seu trazado, porque hai rúas “de ronda” que rodean o casco histórico. Nalgunhas cidades, para unir o casco histórico coas novas áreas da cidade abríronse rúas de conexión, como por exemplo a Gran Vía de Madrid.

A etapa industrial (séculos XIX-XX)

Desde o século XIX, a medida que as cidades europeas comezaron a crecer, as novas áreas chegaron a ocupar máis superficie que o casco histórico. Estes novos sectores da cidade diferenciábanse segundo a súa función e a clase social que acollían:

- O ensanche está pegado ao casco histórico. Era unha zona residencial para a clase alta, con bonitos edificios coas comodidades modernas, e rúas anchas de trazado rectilíneo, adaptadas ao tráfico de carruaxes e coches.

- Os suburbios obreiros estaban algo máis afastados, na periferia e ao longo das estradas de acceso á cidade. Eran zonas residenciais para os obreiros, con edificios de peor calidade, rúas menos anchas, e trazado máis irregular.
- As áreas industriais. As fábricas urbanas estaban nestes barrios ou suburbios obreiros, creando espazos sucios e contaminados.

A etapa recente (desde mediados do século XX)

Desde mediados do século XX o automóbil fixo que as distancias que se poden recorrer cada día se ampliaron espectacularmente, e con elas a superficie ocupada polas cidades. Agora a periferia urbana acada enorme extensión, englobando pequenas vilas antigas que rodeaban á cidade. É agora cando aparecen a urbanización difusa ou as áreas metropolitanas.

Un trazo propio desta etapa é que as áreas urbanas se van especializando nunha función, como os polígonos industriais, ou áreas de equipamento. Estes sectores adoitan situarse na periferia, polo chan máis barato e por estar preto de grandes vías de comunicación.

Outras áreas están especializadas na función residencial, como barrios con polígonos de vivendas, ou os conxuntos chamados “urbanizacións”. Moitos son “cidades-dormitorio”, por estaren baleiros polo día. As áreas residencias son moi distintas segundo o nivel económico da súa poboación.

Case todas as cidades teñen un distrito central de negocios, en inglés Central Business District (CBD), no que se concentran as sedes de empresas do sector terciario principalmente. O seu tamaño depende do tamaño da propia cidade e da súa importancia.

A localización do CBD pode variar. En Norteamérica sitúase polo xeral no downtown. En Europa é típico que se sitúe nalgún sector do ensanche, aínda que tamén pode terse trasladado a un barrio novo. Mesmo en cidades grandes chega a haber dous CBD.

Os CBD. quedan baleiros pola noite.

2.7. Procesos de cambio nas cidades: degradación vs. rehabilitación

O aspecto das cidades vai cambiando co paso do tempo, mesmo os cascos históricos. Ás veces estes cambios implican a degradación dun sector da cidade, e outras o contrario, a súa rehabilitación. No primeiro caso a vitalidade económica vai desaparecendo e a poboacións de maior poder adquisitivo abandona a área. No segundo caso, a vida económica da área reactívase e nela instálase poboación de maior poder adquisitivo, nun proceso chamado xentrificación.

2.8. Os retos da cidade: cidades sustentables

Nun mundo de grandes cidades, estas deben afrontar problemas e retos complexos:

- Garantir o subministro de todo tipo de produtos e enerxía.
- Facilitar a mobilidade da poboación e das mercadorías.
- Loitar contra a contaminación.
- Xestionar a recollida, almacenamento e tratamento do lixo.
- Garantir o subministro de auga potable e depurar as augas residuais.
- Conseguir espazos urbanos agradables
- Loitar contra a especulación na vivenda.
- Velar pola seguridade da poboación.
- Garantir a sustentabilidade das áreas urbanas, mellor garantida en cidades compactas ca en cidades difusas.

3. Desigualdades e cooperación

3.1. Pero... que tan desiguais somos?

Nos últimos 40 anos as desigualdades entre os máis ricos e os máis pobres, entre a pobreza e a riqueza extremas, aumentaron.

- Dende os anos 80 do século pasado, a metade da renda mundial está en mans do 10% máis rico.
- No 2023, o 10% das persoas máis ricas acumulan o 52% da riqueza do mundo, e destes, o 1% acapara o 63% da riqueza producida no mundo nos dous anos anteriores; é dicir, a fortuna dos milmillonarios é cada vez maior.

Na actualidade, preto de 700 millóns de persoas no mundo viven na pobreza extrema, é dicir, con menos de 2.15 dólares ao día. Aínda que a tendencia dos anos anteriores ía cara a súa diminución progresiva, o COVID-19 e os conflitos e violencia dificultan a recuperación dos países máis pobres do mundo, especialmente en partes de África subsahariana.

Calcúlase que 1 de cada seis nenos (aproximadamente 333 millóns de nenos e nenas no mundo) viven en situación de extrema pobreza, o que se traduce nunha deficiente nutrición, falta de acceso a servizos básicos, sanidade e contornos de violencia que lles impiden medrar con saúde e oportunidades.

Dende os anos 90 está en vigor a *Convención sobre os Dereitos do Neno*, un tratado internacional que recolle un conxunto de normas centradas en protexer aos nenos, as nenas e os adolescentes (menores de 18 anos) contra todo tipo de violencia e explotación, garantir o acceso á saúde, á educación e a políticas sociais que garantan os seus dereitos. É un tratado de obrigado cumprimento para os 196 países que o subscriben, e

ten un alcance case universal, xa é adoptado por tódolos países do mundo salvo polos EEUU.

Aínda que nos últimos anos se lograron moitos avances cara a igualdade, no 2024 case unha cuarta parte dos Gobernos mundiais recoñecen que os dereitos das mulleres e das nenas retrocederon ante un aumento da discriminación e un menor financiamento aos programas e institucións que protexen as mulleres.

Algúns datos:

- Cada 10 minutos unha muller ou unha nena é asasinada pola súa parella ou alguén da súa familia.
- Menos do 50% das mulleres en idade de traballar están no mercado laboral, e tanto en Asia meridional e occidental como en África septentrional o número é aínda menor.
- O traballo doméstico e de coidados non remunerados aínda recae de maneira desproporcionada nas mulleres, o que limita o seu potencial económico.
- A participación das mulleres en postos de responsabilidade en política ou nas grandes empresas segue a ser pequeno, estando moi por debaixo de acadar a paridade.

E algunhas solucións:

É necesario polo tanto seguir a tomar medidas para lograr a igualdade de xénero e achegarse ao cumprimento dos obxectivos previstos na Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sustentable. As propostas da ONU ao respecto inclúen un novo Programa de Acción Beijing+30, que pon especial atención, entre outras:

- Garantir a igualdade de acceso á tecnoloxía, e a seguridade das mulleres e nenas.
- Erradicación da pobreza, protección social, cobertura sanitaria universal, educación.
- Poñer fin á violencia contra as mulleres e as nenas.
- Garantir o pleno poder de decisión e a participación das mulleres.

3. 2. Como medimos a desigualdade?

Os factores que explican ao desigual desenvolvemento entre os países do mundo son diversos, e van desde o imperialismo e a colonización, ás dinámicas competitivas do modelo produtivo actual, a desigualdade que existe nos intercambios comerciais mundiais, a brecha tecnolóxica, a débeda externa, ou os conflitos armados e políticos dalgúns países.

- A riqueza dun país ou territorio é o indicador usado de xeito habitual para medir o seu nivel de desenvolvemento, cuantificada en termos de produto interior bruto ou

PIB. Dividindo o PIB entre a poboación do territorio analizado obtense *O PIB per cápita* ou *renda per cápita*, indicador que mide a relación que existe entre a riqueza dun país e a súa poboación. Atendendo aos datos de PIB, os países cos datos máis altos son denominados *Desenvolvidos*; os valores baixos de PIB identifican os países subdesenvolvidos e con valores intermedios de PIB en vías de desenvolvemento. Os valores, segundo o (FMI), van desde os máis de 80.000 \$ (dólares) de Noruega, aos 622 \$ de Níxer no ano 2021.

- O PIB *per capita* (PIB p.c.) non sempre é moi bo indicador. Cun caso hipotético e extremo valo entender: imaxina que nun grupo de 20 persoas cada unha ten 1.000 euros (o PIB sería 20.000). O PIB pc. é de 1.000 euros. Pero se noutro grupo de 20 persoas unha ten 20.000 euros e 19 non teñen nada, o PIB pc. é o mesmo. O PIB pc. é un dato importante, pero tamén é fundamental saber como está distribuída a riqueza realmente entre a poboación. Por regra xeral, canto máis pobre é un país peor distribuída está a riqueza.
- Por iso en 1990 a ONU (Organización de Nacións Unidas) decidiu usar outros indicadores alén dos económicos para medir o nivel de desenvolvemento dun país: o índice de desenvolvemento humano ou IDH. Elabórase anualmente atendendo a tres criterios: renda, acceso a educación e esperanza de vida ao nacer, que outorgan un índice con rango de 0 para o valor máis baixo, a 1, valor ideal. A partir do IDH falamos de grupos de países segundo o seu desenvolvemento humano: así Noruega, cun IDH de 0.957 ten un desenvolvemento humano moi alto, fronte a 0.394, de Níxer, moi baixo.
- O número de países con alta desigualdade é un indicador máis recente que recoñece os niveis de desigualdade dentro dos países como un forte obstáculo para acadar o crecemento económico dos mesmos, e redución da pobreza e a igualdade de oportunidades económicas e educativas da súa poboación. Este indicador utiliza o índice de GINI (baseado nos ingresos) como medida, e identifica 52 países con altos niveis de desigualdade, concentrados na África Subsahariana e América Latina.

3. 3. Alguén pode facer algo?

Erradicar as desigualdades no mundo é un desafío moi complexo; é necesario que os propios estados nos seus territorios e os organismos internacionais promovan os dereitos humanos para garantir a seguridade e a paz, xa que os conflitos violentos acostuman ser causados por fortes desigualdades, e políticas discriminatorias ou excluíntes; os países nos que se respectan os dereitos humanos son menos propensos a sufrir conflitos e crises, e teñen maior capacidade para enfrontarse a problemas derivados de pandemias ou o cambio climático.

A) Mirando para dentro...

Dentro dos países, é necesario que os gobernos e institucións dos mesmos actúen implementando políticas públicas dirixidas a combater a pobreza, a exclusión e as desigualdades de todo tipo (económicas, de xénero, interxeneracionais...) co fin de fortalecer a cohesión social. Políticas fiscais redistributivas, acceso ao mundo do traballo, melloras salariais e políticas de xénero ou rendas básicas universais, son medidas que contribúen a unha maior protección social e a minimizar as desigualdades.

B) E mirando para fóra...

Tras a II Guerra mundial, varios Estados e organismos emprenderon accións encamiñadas a mellorar a situación dos países e áreas menos desenvolvidas do mundo a través da cooperación internacional:

- As Nacións Unidas (ONU), a través das súas distintas axencias aborda múltiples aspectos da desigualdade, incluíndo a pobreza, o desenvolvemento sostible ou a igualdade de xénero.

-O Programa das Nacións Unidas para o Desenvolvemento (PNUD) céntrase no desenvolvemento sustentable e a redución da pobreza.

-UNICEF traballa para garantir os dereitos da infancia e mellorar en todo o mundo.

-ONU Mulleres promove actuacións a favor da igualdade de xénero e o empoderamento das mulleres.

-Organización das Nacións Unidas para a Alimentación e a Agricultura (FAO) céntrase en erradicar a fame e asegurar a seguridade alimentaria, o cal é crucial para reducir desigualdades.

- O Banco Mundial proporciona financiamento e asesoría a países en desenvolvemento para reducir a pobreza e promover o crecemento económico inclusivo.
- A Organización Mundial da Saúde (OMS) que promove o acceso equitativo a servizos de saúde en todo o mundo.
- Ong e Movementos Sociais: Existen numerosas organizacións non gobernamentais, que traballan en áreas específicas, como dereitos humanos, xustiza social, educación, saúde ou medio ambiente. Amnistía Internacional, Oxfam ou Médicos sen Fronteiras son algunhas das máis coñecidas.
- Institutos de Investigación e Universidades, que realizan estudos e xeran coñecemento sobre desigualdades.

Cada unha destas institucións xoga un papel importante nas últimas décadas na loita contra as desigualdades a través de políticas, programas, investigación e acción directa nas comunidades.

No ano 2015, as Nacións Unidas adoptaron unha proposta de medidas encamiñadas a que tódos os países colaborasen para rematar coa pobreza, a fame, a SIDA e a discriminación de mulleres e das nenas. Os Obxectivos do Desenvolvemento Sustentable (ODS) agrúpanse en 17 medidas, e marcan o ano 2030 como límite para acadalas.

Estes obxectivos víronse dificultados pola pandemia, o cambio climático e os conflitos bélicos, que fan medrar a desigualdade de ingresos e de dereitos, ao mesmo tempo que intensifican a discriminación e a hostilidade cara as mulleres, os/as migrantes ou os/as refuxiados/as. O obxectivo de poñer fin á pobreza extrema para o 2030 segue a ser, segundo as previsións, inalcanzable.

ESQUEMAS RESUMO

